

A CONSELLERÍA DE SANIDADE POR FIN SE MOVE

Desde a súa creación, o Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM) tivo como unha das súas principais preocupacións a cuestión do suicidio. Algúns dos feitos que motivaron o nacemento do MGSM, e que foron verdadeiros revulsivos de consciencias, están relacionados coa redución de recursos sanitarios e os seus efectos nesta causa de morte das persoas.

Periodicamente chamamos a atención pública e dos profesionais sanitarios sobre o que estabamos a observar: cifras intolerables, pasividade governamental, necesidade da prevención seguindo as orientacións da Organización Mundial da Saúde..., e chegamos a ser escoitados por algún medio de comunicación e a oposición política, quen ao longo da lexislatura presentou diversas iniciativas no Parlamento galego que outras tantas veces foron rexeitadas polo Partido Popular e polo Goberno da Xunta, quen mesmo cuestionou a validez das cifras procedentes do IMELGA.

Chegamos así a primeiros deste ano 2016 en que decidimos iniciar unha campaña de sensibilización social e reivindicación do Plan Galego de Prevención, coñecida como “Badaladas pola prevención do Suicidio”. Desde o 3 de maio sostivemos todos os días na Praza de Praterías o recordatorio da gravidade do problema co que estamos a convivir, e fóísenos engadindo xente, organizacións, institucións..., e a chamada estendeuse ata que o día 30 do pasado mes de xuño as badaladas resoaron por Galicia da man de SOS-Sanidade Pública e do MGSM.

Nada se logra sen esforzo. Nada que responda ao interese de todos se logra sen xenerosidade. As badaladas sostéñense sobre un grupo humano que lles dá a constancia implacable dun reloxo. Un grupo teimudo cun amplo apoio social (a unanimidade coa que moi diversas organizacións sociais e persoas aceptaron a proposta de participación neste acto simbólico é a mais clara e agradecida expresión dese apoio).

É esta unha longa introdución para dicirvos que desde a semana pasada está en marcha a formación pola Consellería de Sanidade dun grupo de traballo que deberá elaborar o plan de prevención do suicidio. Á primeira xuntanza dese grupo están convocadas diferentes persoas: os xefes de servizo de Psiquiatría do SERGAS e outro de Atención Primaria, o xerente de FEAFES, a directora do IMELGA, o director do 061 e dous facultativos máis das EOXI de Ourense e Santiago.

Só cabe felicitar se se recoñeza dende a Xunta a importancia da cuestión, e se asuma por fin pola Consellería de Sanidade que debe elaborarse o plan de prevención. Mágoa de tres anos perdidos e tantas propostas rexeitadas. Foi e será un esforzo útil o das badaladas. De seguro que a convocatoria deste grupo é consecuencia do traballo da xente que as sostén, e que as sosteirá ata ter un plan que siga as orientacións da OMS.

Imos ver cara onde se quere ir dende a Consellería e cal é o seu grado de xenuíno compromiso máis alá das circunstancias electorais. Niso estamos.

Mentras tanto, o dito, felicitémonos, e sigamos coas badaladas.

MOVIMENTO GALEGO DA SAÚDE MENTAL

O Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM) é un movemento cívico que pretende a protección da saúde mental da comunidade e a defensa da súa atención pública, ante o grave deterioro que está a sufrir e o dano que se está a causar nos dereitos das persoas. Está formado por máis de catrocentos profesionais da saúde mental pública de Galicia, profesionais da Administración de Xustiza, cidadáns que comparten a súa Declaración, organizacións sindicais (CIG Saúde, Federación de Sanidade de CCOO), Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, organizacións de familiares e usuarios dos servizos de saúde mental (Fonte da Virxe, A Creba, ASDAN, Xaruma, ONG-Solidarios Anónimos, Dédalo, Albores), Xuíces Pola Democracia, Unión Progresista de Fiscais, Asociación Galega de Médicos Forenses, Asociación de profesionais de drogodependencias, Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública, Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria, Asociación Nacional de Enfermería en Saúde Mental, Mesa Galega da Psicoloxía Clínica, Asociación Galega de Psicólogos Internos Residentes, Asociación de Psicólogos Clínicos do Sergas, Equipo Boa Vida, Asociación Galega de Saúde Mental – Asociación Española de Neuropsiquiatría, Prosero - Plataforma en Defensa da Profesionalización dos Servizos Sociais.

<http://movementogalegosaudemental.gal/>

<https://www.facebook.com/movementogalegodasaudemental>

<https://twitter.com/MGSaudeMental>